

**Resolución do 1 de febreiro de 2012 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Administración da entidade unipersoal “Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.”, polo que se deixa sen efecto as bases da convocatoria das probas selectivas para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo de Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., polo sistema de promoción interna, para cubrir unha praza de Xefe/a de Departamento de Obra Civil e outra de Xefe/a de Departamento Económico-Financeiro**

O 21 de decembro de 2011 publicouse na páxina web e no taboleiro de anuncios da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., o anuncio relativo á convocatoria das probas selectivas para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo de Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., polo procedemento de promoción interna.

O 26 de xaneiro de 2012 emitíuse informe pola Asesoría Xurídica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en relación coa reclamación previa presentada contra as ditas bases de convocatoria. Nese informe indícase que, con independencia da inadmisibilidade da reclamación, e entrando no fondo do asunto, detéctase que se produciu un erro nas bases a convocatoria e en consecuencia debe procederse de xeito que se solvete o erro detectado, e tendo en conta que iso suporía unha modificación substancial das bases da convocatoria, procedería aprobar unhas novas bases, deixando sin efecto as bases actuais.

En consecuencia, o Consello de Administración da entidade unipersoal “Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.”, por proposta da Presidenta da dita entidade, na súa reunión realizada o 31 de xaneiro de 2012, adoptou por unanimidade o seguinte

**ACORDO:**

Deixar sin efecto as bases da convocatoria das probas selectivas para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo de Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. polo sistema de promoción interna, para cubrir unha praza de Xefe/a de Departamento de Obra Civil e outra de Xefe/a de Departamento Económico-Financeiro.

Visto o acordo adoptado polo Consello de Administración da entidade unipersoal “Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.”, na súa reunión do 31 de xaneiro de 2012, dispoño que se lle dea ao dito acordo a mesma publicidade que a outorgada ás bases da convocatoria que se deixan sen efecto.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2012

Presidenta  
  
Ethel Vázquez Mourelle